

## CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2016/2017

(Proposta de aprobación polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2016)

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2016 ao 31 de xullo de 2017, organizado en dous subperíodos académicos. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica. Excepcionalmente poderán realizarse actividades fóra deste período no caso de prácticas externas ou para avaliación de Traballos de Fin de Grao ou Mestrado.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS DOCENTES

As actividades académicas docentes comprenden:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 5 de setembro de 2016 ao 22 de decembro de 2016

**Segundo cuadrimestre:** desde o 25 de xaneiro de 2017 ao 16 de maio de 2017

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 24 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade os coordinadores dos mestrados deberán poñelo en coñecemento do Servizo de Organización Académica.

### 3. AVALIACIÓN

3.1 Graos, Mestrados e titulacións en extinción co calendario adaptado.

As titulacións en extinción que pretendan adaptarse ao calendario de grao, aínda que o tivesen feito en cursos académicos anteriores, deberán comunicalo ao Servizo de Organización Académica antes do 30 de setembro de 2016.

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Adianto de convocatoria</b>	Do 24 de novembro ao 12 de decembro de 2016	22 de decembro de 2016
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 9 ao 24 de xaneiro de 2017	10 de febreiro de 2017
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	10 de marzo de 2017 para as actas do TFG e TFM
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 18 de maio ao 2 de xuño de 2017	16 de xuño de 2017
	TFG/ TFM Fixadas polos Centros	4 de xullo de 2017 para as actas do TFG e TFM
<b>2ª oportunidade</b>	Do 26 de xuño ao 14 xullo de 2017 (*)	21 de xullo de 2017
	Prácticas/ TFG/ TFM Fixadas polos Centros	25 de setembro de 2017 para as actas do TFG e TFM
As datas de avaliación correspondentes ao "adianto de convocatoria" serán establecidas polos Centros só no caso de existiren solicitudes		
(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles		

correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre.

A matrícula e defensa do TFG e do TFM se realizará conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e as súas posteriores modificacións.

### 3.2 Titulacións en extinción sen calendario adaptado

<b>Convocatoria</b>	<b>Datas de avaliación</b>	<b>Data límite de sinatura e entrega de actas</b>
<b>Fin de carreira Extraordinaria de decembro</b>	do 24 de novembro ao 12 de decembro de 2016	22 de decembro de 2016
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 9 ao 24 de xaneiro de 2017	10 de febreiro de 2017
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 18 de maio ao 2 de xuño de 2017	16 de xuño de 2017
<b>Setembro</b>	Do 4 ao 13 de setembro de 2017	18 de setembro de 2017

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 23 de decembro de 2016 ata o día 6 de xaneiro de 2017 (ambos os dous incluídos); os días 27 e 28 de febreiro de 2017 e desde o día 10 ao día 17 de abril de 2017 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 27 de xaneiro de 2017 por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivos.